

Rúa de Isidoro Queimaliños (Redondela, 1840)

Exerceu de médico na vila de Redondela. De carácter afable, atraía moitas simpatías e acudía a todas as parroquias da bisbarra, así como á cadea. Persoa xenerosa e desprendida que moitas veces non cobraba e daba esmola aos máis necesitados. Escribiu artigos en diferentes xornais locais e provinciais e participaba da política local. Demostrou un gran apego ás tradicións e ao noso pasado histórico e mitolóxico axudando á Danza das Espadas a participar e acadar un premio nun concurso folclórico. Despois do seu pasamento, o Concello decidiu nomear a rúa onde viviu co seu nome. E o seu pobo ao que axudou decidiu facer un mausoleo no cemiterio dos Eidos por subscrición popular.

Unha parte desta rúa (próxima á praza da Alfóndega) era ocupada certos días á semana por vendedoras que ofertaban herba ou sementes no tempo de realizar estes labores agrícolas.

Praza de Figueroa (Redondela, 1880)

Emigrou a Río de Janeiro onde fixo fortuna. Cando volvía á súa vila reparía esmolos ou comida entre os máis desfavorecidos. Xunto con outros emigrantes fixeron moitas achegas para a construción dunha escola no paseo da Xunqueira, onde estudaron moitas xeracións de redondeláns. Tamén tomou parte da política local.

Casa da Cultura

Antigo cárcere da vila, tiña un letreiro que dicía "Prisión del partido", referíndose a que Redondela era a capital do partido xudicial dos concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Soutomaior e Mos. Hoxe en día perdeuse esa condición. Actualmente é casa da cultura, onde se celebran diferentes actos ao longo do ano e tamén é a sede de Radio Redondela.

Concello

A casa do concello de Redondela está situada fronte aos xardíns da Alameda, é un edificio construído en pedra entre 1952 e 1955, obra do arquitecto Emilio Bugallo.

Formado por baixo e unha planta, nel resaltan a torre ameada e as dúas fachadas situadas a ámbolos dous flancos da torre. Nun lateral do edificio atopamos cinco arcos de medio punto sostidos por columnas baixas, que permite a organización dun espazo con soporais.

Rúa de Telmo Bernárdez

É un dos persoeiros políticos máis importantes do século XX. Naceu en Redondela e dedicou a súa vida á medicina e a política. Destacou como un médico amable e xeneroso cos seus pacientes e chegou a ser Inspector de Sanidade. Foi nomeado alcalde de Redondela e resultou ser un gran moderador entre representantes políticos de distintas ideoloxías. Foi apresado e condenado á morte pola defensa das súas ideas e executado en Pontevedra o día 12 de novembro de 1936.

Rúa Cabo dos Fumeiros

Na parte inferior da rúa había un pequeno saínte onde os mariñeiros puñan uns paus altos (chamados fumeiros) e entre eles estendían as redes a secar, de aí o nome da rúa. Neste lugar tamén ensaiaban e bailaban os danzantes da danza das espadas, e a procesión do Corpues tiña alí unha parada. Uns metros cara arriba atopamos unha moi pequena mostra dos moitos canastros que existían nesta zona, canastros pertencentes a particulares que os foron abandonando co paso do tempo ata quedar esta pequena mostra dos mesmos.

Alameda

Xardín situado nun espazo gañado ao mar. En 1954 preséntase un proxecto para establecer unha alameda na fronte da casa do concello (en construción) e acórdase denominala como xardíns de Santa Cruz de la Palma. O seu trazado sufriu poucas modificacións ata hoxe.




Sociedade
de Amigos de
Redondela



Xacobeo 2021

ROTEIRO POR REDONDELA

Material elaborado
polo alumnado do
IES de Redondela



ACOMPÁÑATE
NO CAMIÑO

Convento de Vilavella

Comezou a construírse en 1501 por orde de D. García Prego de Montaos, clérigo e abade do templo parroquial de Vila Vella. Rematouse en 1554. Nel residiu unha congregación de monxas da orde de San Lourenzo Xustiniano. A vida conventual iniciouse en 1554 chegando a acoller a máis de medio cento de monxas que elaboran doces de marmelo, toronxa ou noces, e que se vendían en barquiños de madeira. En 1932 as relixiosas abandonan definitivamente o mosteiro e máis tarde o edificio, agás a igrexa, foi mercado por José Otero González, industrial conserveiro redondelán quen usou parte do edificio como vivenda particular. Nesa época o convento serviu para almacén da conserveira, e era cedido para celebrar vodas no seu interior. Otero González realizou reformas na estrutura do edificio: desprazou a torre central e engadiu elementos arquitectónicos (obra do arquitecto Jenaro de la Fuente). O conxunto contaba cunha horta interior, xardín e un cemiterio na súa fachada, que desapareceu coas obras de ampliación das estradas. Na última década dedicouse a hostalaría celebrándose vodas e banquetes.

OS VIADUTOS

Obras de gran lonxitude e altura construídas a finais do século XIX para salvar unha depresión do terreo e para unir Vigo con A Coruña e con Ourense. Tivo unha forte repercusión económica para Redondela e deulle un característico perfil paisaxístico. O rei Alfonso XII percorreu o tramo Vigo-Redondela en 1877 dándose por inaugurado, pero non é ata 1881 cando entra en servizo. O viaduto Madrid na actualidade está en desuso.

Rúa Pai Crespo (Redondela, 1909)

José Santiago estudou cos xesuítas e cos salesianos. Entrou no convento mercedario de Sarria e máis tarde completou os seus estudos en Poio. Recibiu unha ampla formación e era coñecedor de moitos idiomas. Escribiu sobre temas diversos, e as súas publicacións máis destacadas versan sobre temas históricos relacionados coa xenaloxía e a heráldica.

Pazo de Petán

Antiga casona fundada por descendentes de Dº García Prego de Montaos no século XVII. É un sobrio edificio nobiliario do que podemos destacar o seu escudo. Foi residencia de D. Antonio Sarmiento, monxe beneditino, bispo de Jaca e de Mondoñedo, destacado descendente dos Prego de Montaos. Na primeira metade do XX, albergou un dos primeiros campos de fútbol da vila. Foi mercado por J. Regojo que fixo unha ampla reforma, engadindo unha torre e deulle o nome do *Pazo de Sta. Teresa*. Actualmente segue pertencendo á familia deste empresario téxtil redondelán.

Rúa de José Regojo (Pontevedra, 1900)

De familia humilde, viviu en Fermoselle (Zamora) pero estableceuse en Redondela ao casar con Rita Otero, veciña da localidade. Montou unha industria de confección de camisas que transformou a vila e deu traballo a moitas familias da comarca.

A Tafona

O camiño da Tafona era unha vía estreita entre campos acompañada da cantarela da auga que nace da fonte a carón da propiedade do señor Arines e que lindaban coas terras de Petán. Tafona é un termo de orixe árabe que significa moer, do que se deduce que antigamente debeu existir algún muíño. Ás veces este termo refírese tamén a "panadería"

Rúa Juan Manuel Pereira (Reboreda, 1820)

Persoeiro inqueda e aventureiro, político liberal e deputado en Cortes. Gobernador Civil de Pontevedra e senador por Ourense. Foi o primeiro representante diplomático de España no Extremo Oriente, embaixador en China, en Siam... Deixou un álbum con pintorescas fotografías da súa estancia nestes países asiáticos.



Casa da Torre

De estilo renacentista, fundada por descendentes da familia Prego de Montaos, foi sé do Xulgado e do Concello. Durante algúns anos serviu de garaxe para unha empresa de autobuses. Hoxe en día acolle un albergue de peregrinos e na súa contorna acometeuse unha reforma que permitiu recuperar un espazo público, así como as ribeiras do río Alvedosa.

Casa da Alfóndega

Da mesma familia era un local público para a venda, compra ou depósito nas épocas de escaseza de grans de semente. Tamén se pagaban os xuros sobre estes produtos. Ten unha porta con forma de arco de medio punto e escudos dos Prego de Montaos.

Praza de Alejandro Otero (Redondela, 1988)

Estudou Medicina en Santiago de Compostela. Con 25 anos era profesor na Universidade de Granada, chegando a ser reitor desta Universidade. Estivo exiliado polas súas ideas políticas rematada a guerra civil española, primeiro en Francia e logo en México. Foi xefe e xinecoloxía do Hospital español de México.

Rúa e praza de Reveriano Soutullo (Ponteareas, 1884)

Recibiu estudos musicais no Conservatorio Nacional de Música e Declamación. Estableceuse en Madrid onde dedicou gran parte do seu tempo a compoñer obras musicais. Veraneaba en Redondela onde residía gran parte da súa familia. As súas obras máis populares son o pasodobre "Ponteareas" e "Leyenda del beso".

Casa de Casto Sampedro (Redondela, 1846)

Distinguiuse polas súas inquedanzas culturais en historia (documentos, inscricións...) folclore (autor dun cancionero), arqueoloxía e sobre todo en heráldica. Foi o fundador da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra na actualidade Museo de Pontevedra.

Casa do antigo Concello

Primeiro edificio coñecido como sé do concello que estivo nesta casa ata a metade do s. XIX cando pasou á casa da Torre. Construíuse en 1788 sobre un solar no que estaba situado un almacén de sal (alfolí). A estrutura do edificio é practicamente a mesma que o deseño orixinal salvo algunhas variacións. Serviu de casa de acollida para pobres por conta do concello. Posteriormente foi rehabilitado como conservatorio e na actualidade acolle unha serie de dependencias para o uso do concello (servizos sociais).

Igrexa parroquial de Santiago de Redondela (XV ou XVI?)

Sita na parte alta da Vila, presenta elementos de estilo gótico pero tivo continuos engadidos ao longo da historia. Posúe un ábside poligonal que aínda conserva unha fiestra apuntada, con bóveda de nervios. Os contrafortes fóronlle engadidos no 1641. A fachada está coroadada por un rosetón cun Santiago Matamouros enriba. No interior acolle dúas capelas do s. XV (San Sebastián e San Bieito). Posteriormente, engadiuse a capela da Inmaculada. No s. XVIII foi cando se construíron a actual torre barroca, a sancristía e as dúas capelas situadas no tramo central (Nazareno e Cristo). Os retábulos son de varios estilos (renacentistas e barrocos). As imaxes sitúanse en doseis. No 1950 debido ao mal estado que presentaba iniciouse unha doazón popular apoiada por José Regojo e a súa esposa Rita Otero, encargando un novo, que se inaugurou o 11 de marzo de 1951 e que é o que se conserva na actualidade.